



Concello de Aranga – Departamento de Servizos Sociais

Praza Mestre Mosquera nº 1 (Ponte-Aranga)

15317 Aranga - A Coruña

Tlf: 646 578 768

Administración Local

Municipal

Aranga

Aprobación do padrón do prezo público do servizo de axuda no fogar do mes de xuño do Concello de Aranga

APROBACIÓN DO PADRÓN DO PREZO PÚBLICO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO MES DE XUÑO DE 2025

Por Resolución da alcaldía do 09.07.2025, aprobouse o padrón de contribuíntes e liquidación do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de xuño de 2025, expoñéndose ao público para a súa notificación colectiva, mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia e no Tablón de Edictos da Sede electrónica de Aranga, segundo o establecido no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria 58/2003, do 17 de decembro, polo prazo de quince días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, quedando a disposición dos interesados a efectos da presentación de reclamacións.

Contra este acordo e as liquidacións aprobadas, as persoas contribuíntes poderán interpoñer preceptivamente o recurso de reposición perante a Alcaldía, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición pública. O recurso entenderase rexeitado se no prazo dun mes dende a súa presentación non se resolve expresamente, quedando aberta a vía para a interposición do recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo. Todo isto sen prexuízo de calquera outro recurso que as persoas interesadas consideren oportuno.

Aranga, 9 de xullo de 2025

O alcalde

Alberto Platas Álvarez